

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	12 de xaneiro de 2023
Duración	Desde as 20:39 ata as 21:24 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	José Carlos López Campos
Secretario	María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apellidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	NON
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ



	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE DECEMBRO DE 2022

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 1 de decembro de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 8173/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS SOBRE PROPOSTA DE INSTAR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA A INSTALACIÓN DUNHA BOTICA ANEXA PERMANENTE EN VARIAS PARROQUIAS

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Outórgaselle a palabra ao voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen pasa a explicar a moción presentada polo seu grupo con data 20/12/2022, a cal se transcribe literalmente de seguido:

"A mediados do ano 2022 a farmacia de Oca trasladouse ao casco urbano da Estrada, nunha decisión que sendo lexítima, causa un trastorno na vida social dos veciños e veciñas da zona e que teñen como referencia o Centro de Saúde de Oca.

A Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica (LOFG en diante) regula no



fundamental a atención farmacéutica e habilita aos Concellos a solicitar a autorización de novas oficinas de farmacia (art. 12.1 LOFG).

É sabido que A Estrada non cumpre os requisitos para instalar novas oficinas de farmacia ao superar xa os baremos establecidos con 11 farmacias polas 8 que corresponderían, e parece difícil que A Estrada poida xustificar a solicitude de consideración de Zona Farmacéutica Especial.

Fóra diso, o feito de ser un municipio eminentemente rural e con servizos de transporte públicos que dificilmente accesibles para os veciños e veciñas polo elevado número de núcleos de poboación, abren unha porta á solicitude doutras figuras recollidas na citada lei, como é a botica anexa (Arts. 49 e ss. LOFG).

As boticas anexas son establecementos de atención farmacéutica vinculados a unha oficina de farmacia que se destinan a garantir a atención farmacéutica cando se dan circunstancias de afastamento, difícil comunicación coa oficina de farmacia máis próxima, altas concentracións de poboación temporais ou cando concorran situacións de emerxencia que o fagan aconsellable.

As boticas anexas regúlanse no Decreto 146/2011, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia e na Orde do 20 de novembro de 2001 pola que se establecen os requisitos e o procedemento de autorización de boticas anexas.

O artigo 6 da referida Orde, regula o procedemento de autorización das boticas anexas e habilita ao Concello a solicitar da Delegación Provincial da Dirección Xeral da Consellería de Sanidade a instalación dunha botica anexa. A Delegación Provincial tramitará o expediente e fará proposta de resolución que lle elevará á Dirección Xeral de Sanidade, o órgano competente para resolver a solicitude.

O Concello da Estrada está en disposición de solicitar a instalación dunha botica anexa permanente, conforme ás circunstancias definidas nos Arts. 50.1 e 50.3 LOFG, xustificada na difícil comunicación das parroquias de Oca, Loimil, Arnois, Orazo, Berres, Riobó, Remesar e San Miguel de Castro coas súas oficinas de farmacia máis próximas, dentro da Zona Farmacéutica (Farmacia do Foxo) e fóra dela (Farmacias de Santa Cruz de Ribadulla e Bandeira) polo traslado da Oficina de Farmacia que existía na zona e que dificulta o acceso á atención farmacéutica da poboación.

Conforme ao marco xurídico vixente a botica anexa debería situarse a unha distancia de 3 quilómetros da oficina de farmacia máis próxima no caso de xustificarse a solicitude por difícil comunicación, e de 5 no caso de xustificala por afastamento. As parroquias ás que se lle pretende garantir o servizo están a máis de 3 quilómetros das Farmacias do Foxo, Santa Cruz de Ribadulla e Bandeira.

Por estes motivos, o Grupo Municipal Socialista, solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello da Estrada a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Deixar constancia de que se recibiron numerosas queixas dirixidas aos membros da Corporación pola dificultade de acceso á atención farmacéutica dos veciños e veciñas da zona xeográfica que comprende as parroquias de Oca, Loimil, Orazo, Riobó, Berres e San Miguel de Castro.*
- 2. Iniciar os traballos para presentar a solicitude de autorización para a instalación dunha*



botica anexa permanente na zona xeográfica referida no acordo 1:

- *Elaboración de informe sobre a presenza ou ausencia de transporte público regular e outros factores (núcleos de poboación e distancias coas liñas de transporte) que dificulten a normal e regular comunicación, e de que a distancia existente entre a oficina de farmacia máis próxima e a zona de instalación da botica anexa excede dunha distancia de tres quilómetros medida polo camiño máis curto, conforme ao artigo 8 do Decreto 146/2011.*

3. *En caso de acreditarse os requisitos esixidos pola regulación vixente, iniciar o expediente de solicitude de instalación dunha botica anexa permanente diante da Delegación Provincial da Dirección Xeral de Sanidade, para a zona delimitada no acordo 1 desta moción, con base na dificultade de acceso á atención farmacéutica expresada polos veciños e veciñas e a difícil comunicación dos núcleos de poboación das parroquias coas liñas de transporte público."*

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que está de acordo coa moción, considerando suficientes xustificandos os acordos que nela se propoñen, lamentando que no noso rural desaparezan servizos esenciais, como é o caso da farmacia que existía preto ao centro de saúde de Oca.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para mostrar a súa conformidade e apoio a esta moción por compartir a necesidade deste servizo, non só pola perda de poboación, senón tamén pola existencia no noso rural dunha poboación envellecida que ten dificultade para trasladarse ás farmacias da vila co fin de mercar os seus medicamentos, sen esquecer o grande que é o noso concello e as distancias quilométricas existentes.

Toma a palabra o voceiro do grupo do Partido Popular e Concelleiro delegado de Organización, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen recoñece que a decisión xudicial de eliminar a farmacia de Oca supuxo un grave problema para a veciñanza desta parroquia e doutras colindantes, polo que transmite que o grupo de goberno comparte o proposto na moción do grupo socialista, sobre todo cando se dan as circunstancias establecidas para que o noso concello poida optar a unha botica anexa vinculada a unha farmacia.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo do Partido Socialista con data 20/12/2022 (registro de entrada 2022-E-RCIO-3) que se transcribe literalmente de seguido:
"A mediados do ano 2022 a farmacia de Oca trasladouse ao casco urbano da Estrada, nunha decisión que sendo lexítima, causa un trastorno na vida social dos veciños e veciñas da zona e que teñen como referencia o Centro de Saúde de Oca. A Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica (LOFG en adiante) regula no fundamental a atención farmacéutica e habilita aos Concellos a solicitar a autorización de novas oficinas de farmacia (art. 12.1 LOFG).



É sabido que A Estrada non cumpre os requisitos para instalar novas oficinas de farmacia ao superar xa os baremos establecidos con 11 farmacias polas 8 que corresponderían, e parece difícil que A Estrada poida xustificar a solicitude de consideración de Zona Farmacéutica Especial.

Fóra diso, o feito de ser un municipio eminentemente rural e con servizos de transporte públicos que dificilmente accesibles para os veciños e veciñas polo elevado número de núcleos de poboación, abren unha porta á solicitude doutras figuras recollidas na citada lei, como é a botica anexa (Arts. 49 e ss. LOFG).

As boticas anexas son establecementos de atención farmacéutica vinculados a unha oficina de farmacia que se destinan a garantir a atención farmacéutica cando se dan circunstancias de afastamento, difícil comunicación coa oficina de farmacia máis próxima, altas concentracións de poboación temporais ou cando concorran situacións de emerxencia que o fagan aconsellable.

As boticas anexas regúlanse no Decreto 146/2011, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia e na Orde do 20 de novembro de 2001 pola que se establecen os requisitos e o procedemento de autorización de boticas anexas.

O artigo 6 da referida Orde, regula o procedemento de autorización das boticas anexas e habilita ao Concello a solicitar da Delegación Provincial da Dirección Xeral da Consellería de Sanidade a instalación dunha botica anexa. A Delegación Provincial tramitará o expediente e fará proposta de resolución que lle elevará á Dirección Xeral de Sanidade, o órgano competente para resolver a solicitude.

O Concello da Estrada está en disposición de solicitar a instalación dunha botica anexa permanente, conforme ás circunstancias definidas nos Arts. 50.1 e 50.3 LOFG, xustificada na difícil comunicación das parroquias de Oca, Loimil, Arnois, Orazo, Berres, Riobó, Remesar e San Miguel de Castro coas súas oficinas de farmacia máis próximas, dentro da Zona Farmacéutica (Farmacia do Foxo) e fóra dela (Farmacias de Santa Cruz de Ribadulla e Bandeira) polo traslado da Oficina de Farmacia que existía na zona e que dificulta o acceso á atención farmacéutica da poboación.

Conforme ao marco xurídico vixente a botica anexa debería situarse a unha distancia de 3 quilómetros da oficina de farmacia máis próxima no caso de xustificarse a solicitude por difícil comunicación, e de 5 no caso de xustificala por afastamento. As parroquias ás que se lle pretende garantir o servizo están a máis de 3 quilómetros das Farmacias do Foxo, Santa Cruz de Ribadulla e Bandeira.

Por estes motivos, o Grupo Municipal Socialista, solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello da Estrada a adopción dos seguintes acordos:

1. Deixar constancia de que se recibiron numerosas queixas dirixidas aos membros da Corporación pola dificultade de acceso á atención farmacéutica dos veciños e veciñas da zona xeográfica que comprende as parroquias de Oca, Loimil, Orazo, Riobó, Berres e San Miguel de Castro.

2. Iniciar os traballos para presentar a solicitude de autorización para a instalación dunha botica anexa permanente na zona xeográfica referida no acordo 1:

- Elaboración de informe sobre a presenza ou ausencia de transporte público regular e outros factores (núcleos de poboación e distancias coas liñas de transporte) que dificulten a normal e regular comunicación, e de que a distancia existente entre a oficina de farmacia máis próxima e a zona de instalación da botica anexa excede dunha distancia de tres quilómetros medida polo camiño máis curto, conforme ao artigo 8 do Decreto 146/2011.

3. En caso de acreditarse os requisitos esixidos pola regulación vixente, iniciar o



expediente de solicitude de instalación dunha botica anexa permanente diante da Delegación Provincial da Dirección Xeral de Sanidade, para a zona delimitada no acordo 1 desta moción, con base na dificultade de acceso á atención farmacéutica expresada polos veciños e veciñas e a difícil comunicación dos núcleos de poboación das parroquias coas liñas de transporte público."

Visto o ditaminado pola Comisión Informativa de Organización, persoal e Asuntos Xerais na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 05/01/2023.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Deixar constancia de que se recibiron numerosas queixas dirixidas aos membros da Corporación pola dificultade de acceso á atención farmacéutica dos veciños e veciñas da zona xeográfica que comprende as parroquias de Oca, Loimil, Orazo, Riobó, Berres e San Miguel de Castro.

Segundo.- Iniciar os traballos para presentar a solicitude de autorización para a instalación dunha botica anexa permanente na zona xeográfica referida no punto anterior:

- Elaborar un informe sobre a presenza ou ausencia de transporte público regular e outros factores (núcleos de poboación e distancias coas liñas de transporte) que dificulten a ormal e regular comunicación, e de que a distancia existente entre a oficina de farmacia máis próxima é a zona de instalación da botica anexa excede dunha distancia de tres quilómetros medida polo camiño máis curto, conforme ao artigo 8 do Decreto 146/2011.

Terceiro.- Iniciar o expediente de solicitude de instalación dunha botica anexa permanente diante da Delegación Provincial da Dirección Xeral de Sanidade, para a zona delimitada no acordo 1 desta moción, con base na dificultade de acceso á atención farmacéutica expresada polos veciños e veciñas e a difícil comunicación dos núcleos de poboación das parroquias coas liñas de transporte público.

Antes de pasar al apartado de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos quere presentar algunha moción de urxencia; non habendo, continúaase coa orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 30 DE NOVEMBRO DE 2022 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 30 de novembro de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-1723 ao número 2022-1821, (ambos os dous incluídos).

A corporación en Pleno queda sabedora.



DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE DECEMBRO DE 2022 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 30 de decembro de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-1822 ao número 2022-1988, (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**. En primeiro lugar informa que as últimas choivas influíron no deterioro de determinadas pistas do noso municipio, de feito algún veciño informoulle que na Avda da Cultura (no tramo no que pasa por debaixo o regato) se forma un charco de auga importante, polo que lle prega ao grupo de goberno que tome conciencia desta situación e se fagan as actuacións pertinentes.

Ademais, en Curantes Vello hai unha pista de formigón que baixa dando servizos a varias fincas e que desemboca noutra, na cal no verán foi obxecto dunha actuación de poda de árbores sen que despois se limparan as cunetas, polo que, coas últimas choivas, a auga circula polo dito vial provocando o seu deterioro, sendo necesario poñer solución a este problema.

Tamén informa que na estrada de Castrovite - Orazo houbo recentemente unha saca de madeira e o responsable non deixou o camiño en boas condicións, polo que, en aplicación da Ordenanza municipal que regula este tipo de cuestións, prega que se inste á empresa madeireira para que proceda a limpar a arranxar dito camiño.

Traslada, así mesmo, as queixas da veciñanza sobre a mala conservación do monumento sito na rotonda de Toedo e das estatuas sitas na Avda da Cultura, pedindo que se proceda á limpeza e adecentamento das mesmas.

En canto á estrada que vai dende a zona dos pavillóns a Santa Baia, informa que houbo un corremento de terras, polo que prega que se proceda a acometer as actuacións necesarias para dar solucións a este feito.

En canto ao casco urbano, di que na Praza da Farola existe un andamio dende fai moitos meses, preguntando se se sabe algo sobre este feito.

O Sr. Alcalde lle contesta que existe unha licenza de obra para a reforma do edificio, non sabendo o tempo de execución da mesma, pero consultará o prazo concedido para a ocupación do dominio público con dito andamio.

Continúa o **Sr. López Bueno**, lembrando que na parroquia de Loimil levan moito tempo agardando pola colocación de sistemas de abraza-contedores, a pesares do compromiso do grupo de goberno de aportarlles esas estruturas, pregando que se cumpra co mesmo.

En relación coa nova praza que se fixo no entorno da Feira, no entronque que une a Praza coa rúa Gradín, existen queixas sobre a mala seguridade vial, en concreto pola existencia de dous pasos de peóns pouco visibles para os vehículos e dun desnivel entre a nova calzada e a rúa existente anteriormente, provocando varias caídas; ante o anterior roga que se acometan actuacións que solucionen estes problemas de seguridade.



Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen pregunta, en primeiro lugar, sobre se hai algún resultado derivado da campaña de empadramento efectuada nestes días pasados de Nadal.

O **Sr. Alcalde** lle responde que non houbo ningún resultado substancial, o que si se percibiu foi un cambio da dinámica a partires do envío de cartas aos domicilios, xa que moita xente veu a preguntar e, incluso, houbo un incremento importante do censo na última semana do pasado mes de decembro e na primeira deste mes, o que deixa constancia da sensibilización da veciñanza con este tema; pero, aínda que é moi pronto, quere dicir que os datos de peche do ano 2022 eran moi demoledores, sen embargo, a día de hoxe e segundo datos dispoñibles neste momento (pendentes de validación polo INE), este ano estaremos por enriba dos vinte mil douscentos, pero estamos a expensas de que o INE mande a validación do peche do 2022. En definitiva, di que se notou un incremento das persoas que viñeron a censarse, aínda que se seguirá impulsando este tipo de campañas.

Continúa a **Sra. Blanco Casais** para manifestar que esta campaña non é suficiente para atraer poboación ao noso municipio, considerando necesario aproveitar os últimos meses desta lexislatura para darlle forma ás propostas presentadas polos grupos da oposición na Comisión Informativa de Reto Demográfico; ao respecto, ve moi importante avanzar na cobertura do noso rural con fibra de internet e de móbil, de feito no día de hoxe foron presentadas 104 sinaturas dos veciños e veciñas de Ribela para demandar unha solución á mala cobertura de telefonía móbil e de internet na súa zona, petición que se suma a outras das veciñanzas de Ribeira e Sabucedo. En definitiva, pensa que son cuestións en que hai que traballar arduamente en non esquecer. Lembra que recentemente a Deputación anunciaba un proxecto para a renaturización e humanización da carballeira de Sabucedo, preguntando se hai algo avanzado con respecto a este tema.

Responde o **Sr. Alcalde**, con respecto ao manifestado no primeiro parágrafo da anterior intervención, que este Concello non está parado co tema da fibra óptica, senón que, polo contrario, a semana pasada, despois dunha xestión feita por este grupo de goberno para que a Xunta de Galicia modificase os criterios establecidos na Lei do Solo sobre os novos tendidos para instalación en núcleos rural (que tiñan que ser soterrados, algo que supón unha gran dificultade), a semana pasada emitiu unha circular dirixida a todos os concellos pola que informa que interpreta que nalgúns sitios, con certas dificultades, pódese manter os tendidos aéreos con previa autorización do Concello; de feito, polo departamento de Urbanismo procedeuse de xeito inmediato a autorizar á instalación dos postes solicitados e que estaban paralizados, así que a empresa podería proceder a efectuar as actuacións correspondentes. Así mesmo, conseguíuse que Telefónica destine unha persoa que está a recorrer o noso rural e a mantr reunións con persoas interesadas co fin de detectar aqueles puntos máis conflictivos e que as zonas brancas sexan incorporadas no proxecto de expansión da banda ancha, así como tamén solucionar outros problemas, os cales pasa a enumerar resumidamente. No que respecta ao proxecto de Sabucedo, nunha reunión mantida cos técnicos da Deputación por outro motivo, se decatou da existencia deste proxecto cunha valoración en torno aos 360.000 €, o cal se financiaría 70% Deputación e 30% Concello da Estrada, non tendo esa previsión orzamentaria, pero valorarase de cara ao exercicio 2023 para poder acometer o nomeado proxecto, previa sinatura do Convenio correspondente.

A **Sra. Blanco Casais** pregunta como vai a elaboración do Orzamento 2023.

O **Sr. Alcalde** aproveita esta pregunta para recoñecer o traballo dos



departamentos de Secretaría e Intervención durante o mes de decembro, mes complexo e nada fácil, onde se conseguiu chegar a fin de ano con todas as facturas aprobadas e pagadas, e unha vez rematados estes procedementos, se procederá por Intervención a continuar coa tramitación do Orzamento deste ano, de feito xa hai un borrador, esperando que durante o mes de febreiro se poida someter a debate.

Para finalizar coa súa intervención, a **Sra. Blanco Casais** pregunta sobre o estado actual da RPT, se se recorreu a Sentenza que recoñece o pagamento de atrasos ao persoal municipal.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que a situación actual da RPT é bastante favorable. Informa que a semana pasada chegou a Sentenza derivada do recurso presentado por un dos sindicatos para a anulación da aprobación definitiva deste documento, a cal é favorable ao Concello e non admitindo a práctica totalidade do alegado no nomeado recurso interposto por UGT, supoñendo que se fará extensiva ao presentado por CIG, de feito no Auto xa fai referencia a este último recurso. Ante o dito, supón que, unha vez chega a Sentenza do recurso da CIG, finalizará a parte administrativa da aprobación definitiva da RPT.

Por outra parte aínda está pendente o recurso de alzada interposto contra a parte de modificación da RPT e que se resolverá nas vindeiras semanas, así como tamén está pendente o recurso contra os atrasos e que o TSX non validou o procedemento seguido polo Concello.

Continúa dicindo que, a día de hoxe, o documento da RPT está validado, excepto no recoñecemento dos atrasos e, con respecto a este último caso, o Concello anuncio a presentación de recurso de casación, pero o que se vai a facer é intentar chegar a un acordo cos traballadores co fin de elaborar un calendario razoable que permita asumir ese custo, pero a día de hoxe aínda non se ten a cantidade exacta que pode supoñer o pagamento deses atrasos, ademais de que hai que esperar a resolución do nomeado recurso de casación que será presentado proximamente.

Inicia a súa intervención a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, trasladando a petición de dous veciños de Sto. André de Veá para o arranxo de dous camiños, un que vai de A Ribeira ao lugar de Croios, e o outro que comunica tamén A Ribeira co lugar de San Bartolomeu, ademais doutra pista que pasa polo propio núcleo de A Ribeira. Pide que se estas pistas non están incluídas en ningún plan de asfaltados que se inclúan.

O **Sr. Alcalde** lle informa que está prevista a execución dun par de proxectos, un deles a financiar con fondos propios, ademais de outros, un deles con cargo ao PDR; sumando un total de un millón douscentos mil euros. Informa que os camiños nomeados pola Sra. Camba están dentro destes proxectos.

A **Sra. Camba Castro** pregunta se tamén está incluída dentro dalgún destes proxectos a pista que vai dende o lugar de A Costa ao lugar de A Torre, en Guimarei.

Responde o **Sr. Alcalde** que en Guimarei hai sete actuacións incorporadas, xa que esta parroquia é un obxecto clave, de feito no actual proxecto en marcha está enfocado nela, entre outras, e, polo tanto, este camiño está incorporado no mesmo.

Continúa a **Sra. Camba Castro** informando que falta un bolardo móbil na "plazoleta" que implica que os vehículos entren co conseguinte perigo para a xente que está nas terrazas e para os nenos e nenas que alí xogan, polo que pide que se se sinalice dalgún xeito.



O **Sr. Alcalde** di que haberá que repoñer este bolardo, aínda que no proxecto de sinalización urbana xa está adxudicado e pendente de execución, dentro do cal van todas as sinalizacións das zonas peonís.

A **Sra Camba Castro** traslada a petición de varias persoas para que se actualice e se repoñan libros máis actuais na Biblioteca, a cal se atopa bastante obsoleta e con falta de organización; propoñendo tamén que se fagan presentación de libros, algunha actividade infantil, etc.

O **Sr. Alcalde** considera que, coa cobertura dunha praza das de Administrativo, se lle deu un impulso á Biblioteca, de feito no pasado ano se nos trasladaron unha serie de posibles melloras para a Casa das Letras, as cales se están a facer, tales como a merca dun fondo importante de libros que se completará con outras adquisicións durante o ano 2023. Di que, durante anos, este servizo se prestou pensando máis nun centro de estudos, pero, debido ao incremento da demanda doutro tipo de libros, se está a traballar para dar cobertura a esta nova tendencia.

A **Sra. Camba Castro**, en relación a que a Xunta aprobaba o estudo de impacto ambiental do Campo das Rosas co que a veciñanza da zona non está de acordo, pregunta se por parte do Concello se prevé unha reunión cos veciños e coa Asociación da Rapa das Bestas para valorar a posibilidade de que o ese parque eólico se cambie de lugar ante o impacto que provocará nos cabalos.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que a idea é primeiro analizar ese informe de impacto ambiental (do que aínda non ten coñecemento e lembrando que no seu momento se presentou alegación desfavorable en contra da instalación de dito parque), e despois ver as alternativas existentes para trasladarlle á Xunta, da man da Asociación e dos veciños e veciñas. Di que tampouco podemos esquecer que hai unha parte da veciñanza que están a favor do parque eólico, algo que hai que ter en conta tamén, aínda que esteamos a favor de protexer o benestar das manadas de cabalos que nesta se atopan, polo que é necesario buscar unha alternativa sostible. Quere aclarar que o seu grupo de goberno non busca nin quere facer demagogia sobre o tema do desenvolvemento eólico en Galicia, por que cre que debe haber unha transición na nosa comunidade autónoma, tan só debemos facer que aqueles parques que se queiran implantar sexan sostibles e co menor impacto ambiental posible.

Continúa informando que se está a traballar e estudar, xunto cun equipo técnico, cada un dos proxectos de parques eólicos que se están a presentar, co fin de preservar o noso rural e patrimonio; e, con respecto ao do Campo das Rosas, se está a traballar co fin de preservar esa zona que afecta á Rapa das Bestas, pero reitera que se está a esperar a que se lle achegue o dito estudo ambiental co fin de estudalo e ver, xunto coa veciñanza, as actuacións que se poidan acometer, das que se compromete ir informando.

Non habendo máis intervencións por parte dos concelleiros e concelleiras que forman o Pleno, o **Sr. Alcalde** pregunta ao público asistente se quen formular algún rogo ou pregunta, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá.

Non existindo ningunha petición de intervención polo público presente, se procede a levantar a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das





Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 639JG4WFPANEKETFMRWKZRG5FK | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11